



Unidade de Coidados Intensivos Pediátricos

Información para os pais






- 1** **Presentación**
- 2** **Normas da unidade**
- 3** **Observacións**
- 4** **Horarios**
- 5** **Servizos do centro**
- 6** **Teléfonos**

1 Presentación

O Hospital Álvaro Cunqueiro elaborou esta Guía de Acolida para acompañantes e visitas dos nenos ingresados co fin de dar resposta ás necesidades de descanso, intimidade, confort e acompañamento dos pacientes.

O ingreso nunha Unidade de Coidados Intensivos é un momento difícil pola alteración do estado de saúde da persoa e a separación da súa familia e a súa contorna habitual. Pode xerar momentos de angustia, medo e frustración.

Conscientes diso, queremos ofrecerlle a mellor atención e coidados ao noso alcance, tanto en medios humanos como materiais e técnicos.





Esta é unha "Unidade de portas abertas", onde se respecta o dereito dos pais a acompañar aos seus fillos e dos nenos a estar cos seus pais.

Só permanecerá un acompañante por paciente: o pai, a nai ou o titor/a.

A información médica é confidencial e só se facilitará aos pais ou tutores. Non se informará por vía telefónica.

Facilitámoslles unhas indicacións coa finalidade de que todo funcione adecuadamente, sendo imprescindible a súa axuda e colaboración no seguimento e respecto das normas para proporcionarlle os mellores coidados ao seu fillo/a.

2 Normas da Unidade



- **CHAMEN SEMPRE AO TIMBRE. O persoal da unidade facilitaralle a entrada.**



- **É obrigatorio o lavado de mans á entrada da Unidade.**

O lavado de mans é a medida máis importante para reducir o risco de infección dentro do hospital. Debe hixienizar as mans antes de entrar en contacto co seu fillo/a, cando lle aplique algún coidado (cambio de cueiro) e á saída do box.

Con auga e xabón:

40 - 60 segundos



Con solución alcohólica:

20 - 30 segundos



2 Normas da Unidade II



- Se padece algún proceso infeccioso comuníquello ao persoal antes de entrar, así como calquera dúbida ou problema que considere.
- PODERÁ PERMANECER dentro da unidade se así o desexa e sempre que non se obstaculicen as técnicas ou tratamentos aos que hai que someter ao menor.
- PODERÁN ACOMPAÑAR ao neno/a durante a súa estancia un dos proxenitores ou titor legal. Avise ao personal se se vai ausentar do box, confirmando que as varandas están subidas.. Excepcionalmente, permitirase a estancia de dúas persoas ao mesmo tempo por neno/a, ao inicio do ingreso e no horario de visita de tarde.
- Pode designar a outro membro da familia para acompañar ao seu fillo durante o horario para pais, neste caso deberá notificalo ao persoal a cargo do neno/a.
- O intercambio de familiares na UCIP realizarase sempre fóra da sala.
- Os menores de 12 ANOS non poderán visitar ao familiar sen autorización previa do persoal.

2 Normas da Unidade III



- PARA ATENDER adecuadamente ao seu familiar e preservar a intimidade dos outros pacientes, o persoal da UCIP pode solicitarlles a saída temporal ou a non entrada na sala: teña en conta que se poden estar realizando actuacións diagnósticas ou terapéuticas co seu fillo ou outros pacientes, ingreso de novo paciente, cambio de quenda do persoal, labores de limpeza... que poden atrasar uns minutos a súa entrada. Nestes casos xustificamos rogámoslles respecten as indicacións que lles faciliten.
- O RESTO DE FAMILIARES poderá visitar ao neno/a por expreso desexo dos pais. Permitiranse dous intercambios, limitándose sempre a un máximo de dúas persoas simultaneamente no box.



2 Normas da Unidade IV



- ESTÁ PROHIBIDO facer fotografías ou vídeos na UCI Pediátrica.
- Mentres permaneza na unidade, deberá manter o móbil en modo silencio e evitar realizar chamadas.
- EVITARASE INTRODUCIR alimentos, biberóns, plantas ou flores na unidade.



- Manteñan as normas de hixiene, civismo e orde durante a súa estancia na unidade.
- As camas da unidade son para uso exclusivo dos nenos/as.
- PREGÁMOSLLES COLABORACIÓN para preservar a intimidade do resto dos nenos ingresados. Non interfira no coidado dos outros nenos/as, céntrese no seu familiar.

3 Observacións



- A nosa unidade ten unha política de portas abertas e consideramos que os pais teñen que ser parte activa do coidado dos seus fillos/as.
- Podería ser necesario restrinxir as visitas aos nenos/as ingresados en certas situacións e/ou conforme a criterios clínicos, explicando esas circunstancias puntualmente. Nese caso deberán regresar á sala de espera, agradecéndolles que non permanezan no corredor. No momento que sexa posible, facilitaráselles de novo o acceso.
- **RECOMENDÁMOSLLES** que se tomen descansos adecuados durante a estancia do seu fillo/a na Unidade. Entre os horarios de visita, tomen tempo para coidarse e estar co resto da familia... Recorde que a súa saúde tamén é moi importante para seguir apoiando ao seu fillo/a.

3 Observacións II




- Asegúrese de que o seu fillo/a porta a pulseira identificadora e que o persoal da unidade coñece calquera alerxia ou problema que tivese.



- Se o seu fillo/a está dormido ou sedado respecte o seu descanso.
- Se está lactando ao seu fillo/a, notifiqueo ao persoal para continuar a lactación tan pronto como o estado de saúde do neno/a o permita e sexa indicado polo/a facultativo/a responsable.
- Custodie e vixie as súas pertenzas: as familias disporán dunha sala de espera e gardarroupa para o seu uso durante a estancia na unidade. Evite gardar obxectos de valor, xa que o hospital no se fai responsable de posibles perdas.

4 Horarios:



Información médica

- Mañás: 13:00 h a 14:00 h
- Tardes: 20:00 h a 21:00 h

Visita

O RESTO DE FAMILIARES, poderá realizar a visita no horario de **19:00 a 20:00 h.**

Lembre que o horario de visitas e a súa duración poden ser alterados en función das necesidades asistenciais que existan na Unidade.

Neste caso deberá seguir as instrucións dos profesionais da UCI Pediátrica.



5 Servizos do Centro



ATENCIÓN AO PACIENTE: Suxestións e reclamacións: andar 0, letra B. Horario: 9:30 - 14:00 horas.



ADMISIÓN: Xustificantes de ingreso: andar 0 vela A.



CAFETERÍA:

Andar 0 vela C (Horario continuo: 07:00 a 23:00)

6 Teléfonos



- Centraliña: 986811111 | 811166
- Unidade: 986825650
- Directo: 986825650